

Palabra contra espada por Fientosa (1912-1936)


Ricardo Polín

Co asasinato de Paco Vega Ceide (Francisco de Fientosa) en Aravaca o ano da guerra, o escritor chairego seguía até as últimas consecuencias o desgraciado ronsel lorquiano extinguido tres meses antes e que alumara os seus primeiros pasos. Aos vinte e catro anos, Galiza perdía unha voz preclara e unha pluma avanzada que se viña sumar ao precipitado pasamento de Amado Carballo ou Manuel Antonio, rosas esganadas no primeiro agromar dunha primavera que no caso de Fientosa tomaba corpo o 22 de maio de 1912 en Santa Locaia de Castro de Rei. Mártir das letras chairegas, a súa parentela con Crecente Vega e o maxisterio e tutela deste poeta-latínista da Ponte de Outeiro marcarán o destino vital e literario de Vega Ceide. As claves máis ledas da mocidade de Fientosa gárdanse nun triángulo isósceles -como o seu primeiro poemario- que ten por vértices a Chaira luguesa, as mariñas do Ferrol e o occidente asturiano, lugar este último no que exerce como mestre na terra dos vaqueiros de alzada: "Vivo entre nieve y serranías, durante cinco estaciones; explico mi clase en un hórreo, y gozo una vida de Robinson Crusoe: leche, castañas y borona, para contento del cuerpo, y estampas antiguas, romances de santos y canciones, como regalo del espíritu. Además, folk-lore y pedagogía (...)".

Licenciado en Filosofía e Letras pola Universidade Central, o poeta Sanz y Díaz retrata ben o xenio do compañeiro galego desaparecido en estrañas circunstancias, falando dun mozo "enjuto y espigado; en el rostro, fino y fuerte a la vez, el misterio de unos ojos profundos e inquietos, y

sobre ellos una cabeza en la que cabían lenguas clásicas y modernas, letras y artes y filosofías...". De certo, Fientosa pronto debeceu por experimentar coas formas e as cores, nese afán esteticista que lle arrebatava a mocidade transportándoo a toda présa cara o mundo excelso das artes e da crítica de arte que a través da paisaxe se vence na música e na pintura, apoderándose da xeometría da súa incipiente prosa, sempre tan cumprida de pedagogía. Vega Ceide era dono dun sexto sentido ben aguzado e disposto a encerellar as liñas do horizonte e intertextualizar ritmos, letras e arquitecturas. De feito, neses anos sorprende a precipitada carreira literaria, nivel cultural e orixinalidade daquel mozo galego dos anos trinta nado a carón do río Azúmara e definido como "un poeta joven de gran sensibilidad, extraordinaria cultura y raras sinceridades".


Sanz y Díaz cualifica como "poemas modernos" a orixinal produción iniciática de Fientosa contida en Triángulo Isósceles (Madrid, 1934), resultado da reflexión lírica dun soñador que estudiaba Filosofía, en tanto que Nieto Pena acredita que *El alba del quechamarín* (Nós, 1935), a segunda entrega poética de Vega Ceide, anuncia xa o poeta embarcado na nave fiel, seguro, camiño do porto da Verdade, desa verdade poética a onde só chegan os eleixidos. Poesía de voluptuoso sensualismo e imitación lorquiana, o amor á Terra e ao Mar sobranceado no centenario de Rosalía como continuación do malogrado movemento poético encabezado por Manuel Antonio e transitoriamente concluído por Feliciano Rolán.



Paco Vega Ceide (Francisco de Fientosa)

A partir de aí, todo apunta a que a morte de Fientosa ten sido obxecto dunha noxenta manipulación tendenciosa -lémbrese a condición de militar profesional do seu irmán César, albacea da memoria e pertenzas do autor chairego-, aproveitando con fins propagandísticos o funeral celebrado en Castro de Rei o 26 de xuño de 1939 ás once da mañá, cerimonia da que queda como testemuño unha arbitraria necroloxía familiar cargada de resentimento, onde coa coñecida retórica belicista propia do bando vencedor se afirmaba que Francisco de Fientosa morrera "por Dios y por la Patria vilmente asesinado por las hordas marxistas".

Coa publicación da súa obra completa, mutatis mutandis concluímos agora a viaxe de volta á Galiza



de sempre que Fientosa propugnara na súa autobiografía escrita antes da guerra ("una Galicia en edición abreviada, ideal para los que vivimos fuera"), onde anunciaba eses numerosos escritos inéditos que deixou como legado entre as súas pertenzas, autógrafos nos que figuran relatos e ensaios de notable nivel, así como poesía en galego e castelán, textos moitos deles asinados en Madrid entre os anos 34 e 36, reservados para lle dar corpo ao libro titulado El trébol de las cuatro hojas. Poemas, obra que Vega Ceide pretendía levar ao prelo o propio ano do seu brutal

aniquilamento, con laude de Ramón Cabanillas "A Fientosa", sen dúbida froito desa relación próxima que mantivo co autor de Cambados nos meses previos ao trágico final do poeta chairego.

Outra importante colección de cantigas populares, glosas de cantares galegos tradicionais e mesmo algún poema neotrobadoresco, poida que fosen destinados ao cancionero galego augurado polo autor. Finalmente, cabe facer mención dun variado corpus poético formado por unha trintena de borradores da máis variada condición temática que terían como destino probable algunha publicación periódica das que o poeta chairego era habitual colaborador.

En relación coa prosa de Gente cordial que o propio Fientosa asegura ter rematado e consagrado a Galiza e o mar, cabe supor que ao cabo acollese algunhas das colaboracións dispersas en prensa, maiormente na revista Vida Gallega de Vigo dirixida por Jaime Solá, o medio que tamén se fixo eco dunha boa presada de versos logo inseridos nalgún dos poemarios editados, xunto coa excelsa prosa primeira de Fientosa no período madrileño da guerra e mais da preguerra, sendo tamén esta publicación galega quen máis atención prestou á súa truncada pero intensa carreira literaria. (Considerado un dos narradores

galegos máis elegantes do momento, a prosa de Paco Vegaceide mesmo ten sido acreditada por Romero Archidona en 1936 como "la más bella de cuantas -al presente- se escriben por gallegos no consagrados con el gran espaldarazo, y aún supera a la de muchos que presumen de grandes escritores, teniendo, sobre todo, la virtud de su original y auténtica rusticidad en sazón").

De non ser polo seu trágico e precipitado pasamento, Francisco de Fientosa formaría parte desa primeira xeración da posguerra que comprende os escritores galegos nados entre 1910 e 1920, coincidindo cronoloxicamente con Casado Nieto, Pérez Creus, Ramón María ou Celso Emilio Ferreiro. De feito, Fientosa só era tres anos máis novo que Iglesia Alvariño, verdadeiro enlace co grupo precedente.

Ao igual que os compañeiros da xeración de 1936 ou da República, criados na fraternidade galeguista, Fientosa representa o resultado do ambiente liberal propiciado pola burguesía republicana, se ben en simbiose e sincretismo co substrato labrego da Terra Chá que fornece o mellor das súas experiencias vitais. (Fientosa tampouco se desprende das resonancias ruralistas que evocan a Galiza campesiña do interior, con protagonismo inxente da paisaxe adoito humanizada, sensual e colorista, reminiscencia da escola configurada polo seu curmán Crecente na xeración anterior, malia dar paso abertamente á morfoloxía insólita do neoloxismo e a unha profusa adxectivación, usos previamente asentados por Manuel Antonio, aínda que manténdose dentro das

marxes da convención gramatical ignorada polo rianxeiro).

Francisco de Fientosa é, pois, un dos escritores do 36 aos que o levantamento militar sorprende nun momento crítico para a súa forma-

El poema de la siembra

Estamos en época de sementeira, y ya las tierras aparecen amalgadas para sembrar. Sobre el haza fragante, la estatua simbólica del sembrador porta en una mano el cesto, y alarga la otra, plena de simiente, hasta apoyarla en el infinito. Sólo así logra mantenerse en pie y establecer el divino equilibrio de su actitud rotundamente clásica.

La yugada pasta en un cornijal. Son magníficos bueyes lucientes, con cornamentas de ídolos, que han de amasar el grano entre sus pesuñas, mientras el arado, de oloroso dental, rebana las bancaladas en membrillos perfectos.

Nada hay comparable a esta hora en que se acuesta el grano en la cama recién abierta, en que las hojas duermen su inmovilidad, en que los regueros paralizan la sangre y detienen el pulso para oír trillar a los grillos. Mas la hora gozosa del labriego, ¡quién lo diría!, no es la que ve escaparse la simiente del nidal de la mano ni la del cigarro sobre el surco -arteson o codillo- sabiamente descansado en la agujada. La hora fes-

ción literaria, un daqueles "accidentados, traumatizados, interrumpidos" cos que Méndez Ferrín conformaba esa xeración naufragada nas primeiras singraduras por culpa da guerra, aínda figurando incluído dentro da

tiva de la sementera es siempre la del mediodía, siembre o descanse, hora festiva como el domingo en la semana. Entonces el sol va alto y se baba como un nacido. La yunta busca lagunas de sombra y ve coronada su testa con verdes ramos de laurel lustroso. El hombre también se pone a la sombra, se sumerge en ella, la comulga como el trago de agua que le endulza la sed, o el atadizo de pan y companaje que a la hora del yantar le trae la hija que apacienta los rebaños.

El mediodía, esta hora ocluída en el sol, es toda del labriego: el silencio del campo, la paz de los bueyes rumiada bajo los castaños, la alegría del descansar. Y todo le entra por los ojos y vive dentro de él, como paisaje reflejado en el agua quieta de su paz interior.

Por eso gusta de descansar en ella, acodado en las lindes de sus sembrados, cara a la lujuria del paisaje, deteniendo la hora con su mano calluda y acariciándola como a la cabeza de un hijo o la promesa de una mazorca, que son los cariños

minoría privilegiada que lograra publicar e darse a coñecer antes do pronunciamento fascista, como o fixeran Alvariño, Castroviejo, Carvalho Calero, Díaz Jácome, Cunqueiro, Celso Emilio ou Xosé Velo.

más puros del hombre que sufre y goza todas las cosechas.

Si mi niñez campesina tuviese la voz tan alta como aquel álamo que se desnuda en sombra, yo le gritaría al labriego:

-Vamos, sembrador hermano. La tierra ya está amalgada para la siembra; el surco te espera amado y amante como una mujer; ya sólo falta que tú viertas el grano. Pero vete despacio, cógete a las ramas del viento y alarga la mano hasta encontrar el infinito. Si te cayera la semilla iría a dar en arenal y se rompería, además, el maravilloso equilibrio de actitud rotundamente clásica.

Mas el sembrador no se cae nunca. Ni siquiera se inclina. Es preciso ver madurar la espiga para que su cuerpo se combe como una espiga más en busca de la querencia del grano.

Francisco de Fientosa
(Vida Gallega, nº 598, sección
"Nuevos valores gallegos",
Vigo, 10 de xullo de 1934)